

O Rexurdimento pleno I. Rosalía de Castro

Exercicios de autoavaliación – Repaso

1. Podemos considerar o Século XIX como o gran século da poesía? Xustifica a resposta.
2. Escribe cinco liñas sobre o significado de *Cantares Gallegos* no panorama da nosa poesía.
3. Por que *Follas Novas* é unha obra universal? Contesta, xustificando a túa resposta.
4. Cita as obras en lingua galega de Rosalía de Castro coas datas de publicación.
5. Escribe dez liñas sobre os temas de *Cantares Gallegos*.
6. Documentate e escribe dez liñas nas que demostres que *Cantares Gallegos* inicia o chamado Rexurdimento pleno.
7. Le o seguinte poema e responde:

*Cando penso que te fuches,
Negra sombra que m'asombras,
Ô pe d'os meus cabezales
Tornas facéndome mofa.*

*Cando máxino qu'ês ida
N'o mesmo sol te m'amostras,
Y eres a estrela que brila,
Y eres o vento que zóa.*

*Si cantan, ês tí que cantas,
Si choran, ês tí que choras,
Y-ês o marmurio d'o río
Y-ês a noite y ês a aurora.*

*En todo estás e ti ês todo,
Pra min y en min mesma moras,
Nin m'abandonarás nunca,
Sombra que sempre m'asombras.*

- Cal é o tema do poema?
 - Analiza a métrica da composición.
 - Sinala os recursos estilísticos do poema.
8. Que factores influíron no prestixio da lingua durante o século XIX?
 9. Explica que quere dicir no nome deste libro ou sección de *Follas novas*: “As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos”.
 10. Por que hai tanto castelanismos nos poemas de Rosalía de Castro?

Solucións

1. Despois do florecemento literario da lingua galega na Idade Media, podemos considerar que, coa publicación *Cantares gallegos*, que dá inicio ao chamado Rexurdimento pleno, a lírica é o xénero literario máis importante do Rexurdimento e os tres grandes poetas da época son **Rosalía de Castro**, **Manuel Curros Enríquez** e **Eduardo Pondal**. Destacan tanto polo volume da súa obra como polos temas tratados.

2. **Cantares Gallegos**: Trátase dunha obra na que o pobo galego se viu retratado (desgrazas, espírito, festas, paisaxe, crenzas....etc). O éxito do libro débese á extraordinaria comunión de Rosalía co seu pobo e, neste senso, podemos considerar os cantares como unha defensa do ser galego pero en dúas vertentes: fronte ós de fóra e fronte á súa propia autosubestimación. Podemos dicir que é un libro de defensa e redescubrimento da nosa propia identidade.

3. **Follas Novas**: A novidade consiste en facer unha poesía de tipo metafísico coa saudade ontolóxica como gran tema, así como por ser unha poesía tamén de crítica social e até de reivindicación feminista. Até agora o galego só se consideraba unha lingua apropiada para poesía lírica de ton popular. Esta é a maior novidade de *Follas Novas* con respecto aos *Cantares Galegos* e proporciona a Rosalía un lugar na literatura universal. Parte da introspección do seu propio eu, para chegar a verdades xerais sobre a condición humana.

4.

Cantares Gallegos	A saída á rúa deste poemario foi o 17 de maio de 1863.
Follas Novas	Publicado en 1880, pero a maioría dos poemas que nel aparecen foron compostos entre 1868 e 1869.
Conto gallego	Apareceu postumamente, no ano 1923, e ten carácter popular e costumista.

5. Temas de cantares gallegos:

1) **Costumistas**: Teñen carácter descritivo e narrativo. Utilizan o humor como recurso e neles faise unha descrición dos costumes, das crenzas, das romarías, etc. A autora aproveita esta temática para facer unha defensa da cultura popular galega.

2) **Amorosos**: Preséntanse como diálogos ou monólogos de namorados.

3) **Intimistas**: Neles a escritora amósase máis intimamente a través das súas lembranzas persoais e das súas vivencias.

4) **Social-Patrióticos**: Nestas composicións atopamos o espírito reivindicativo de Rosalía. Neles exprésase o drama da emigración, a miseria dos campesiños, a soidade da muller, e, en xeral, a marxinación na que vive Galicia.

6. A saída á rúa de **Cantares Gallegos**, primeiro libro escrito integramente en galego, foi o día 17 de maio de 1863, e esta data é considerada como o inicio do **Rexurdimento pleno** e a consagración do galego como lingua literaria. É por isto que, cen anos despois, o 17 de maio foi instituído como data anual para a celebración do Día das Letras Galegas.

Para entender ben este libro é necesario considerar factores como o coñecemento que tiña a autora da música e da fala populares, aprendidas nos seus primeiros anos de estadía na aldea. A súa publicación é froito do clima europeo da época de reivindicación das culturas autóctonas, propiciado polo Romanticismo. O éxito de *Cantares Gallegos* foi grande e inmediato, dentro e fóra de Galicia.

7. A autora vese envolta por algo que a domina, que non a deixa vivir ao seu xeito, que está en todos os sitios e tamén dentro dela. Ese algo, esa sombra, non a deixará até a morte (ela decátase diso) porque forma parte dela mesma: é a saudade. O desánimo interior do suxeito lírico deixa ver a súa convicción de que o que lle sucede é incontestable, non hai solución ata a morte, ten que aceptalo e vivir con esa presenza estraña. Está formado por catro estrofas de versos

octosílabos con rima asonante nos pares; rima en O-A como *sombra*, que podería representar ese estado entre a vida (A) e a morte (O) desexada tantas veces por Rosalía para saír do estado de desesperación no que se atopa. Esta combinación vocálica O-A aparece como un eco ao longo do poema e non só na rima: *sombra que me asombras / torna- mofa /choran-choras/ sombra-asombras*. Recursos estilísticos como o paralelismo de: *Si cantan, és tí que cantas,/ Si choran, és tí que choras*, a metáfora da *negra sombra* que está personificada; aítíteses como *noite/aurora, nunca/sempre...*

8. Ademais do labor dos escritores, a presenza da lingua galega nos xornais contribuíu ao prestixio da lingua. No ano 1876 édítase, promovido por Valentín Lamas Carvajal, o considerado pioneiro dos xornais integramente en galego, *O Tío Marcos da Portela*. Este xornal, con marcado carácter anticaciquil, tivo un enorme éxito popular. Entre os anos 1886 e 1888 vaise consolidando o xornalismo na Galiza, coa aparición de novas iniciativas monolingües: *O Galiciano*, en Pontevedra; *A Monteira* en Lugo; e *As Burgas*, en Ourense.

9. A autora neste título fai un xogo de palabras ao tempo que crea unha antítese e paradoxo. As viúvas dos vivos son esas mulleres que quedaron soas por ter que emigrar o seu home. En moitos casos esa emigración supuxo non volver ver ao marido.

10. Temos que ter en conta que desde o século XV Galicia sufriu a imposición do castelán e a partir de entón a nosa lingua vai estar afectada polos castelanismos. Durante o século XIX, os autores escribían segundo falaban e, polo tanto, ao estar presentes os castelanismos na lingua oral, estes tamén van aparecer nas composicións de Rosalía de dos demais escritores da época.